



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Estancias Prácticas II	Código	653G01210	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Garabal Barbeira, Jessica	Correo electrónico	jessica.garabal@udc.es	
Profesorado	Corral Bergantiños, Yoanna Garabal Barbeira, Jessica García Crespo, María Vanessa Miranda Duro, María del Carmen Mosteiro Sigüenza, Sonsoles Veiga Seijo, Silvia	Correo electrónico	yoanna.corral@udc.es jessica.garabal@udc.es m.v.garcia@udc.es carmen.miranda@udc.es sonsoles.mosteiro@udc.es silvia.veiga.seijo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa observación e a análise das contornas dende a Terapia Ocupacional e a intervención da/o terapeuta ocupacional nas mesmas ao longo do ciclo vital e tendo en conta distintas condicións de saúde e/ou situacións de vulnerabilidade.</p> <p>Descriptor: Estadias prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando adecuadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias desta/e profesional en diferentes contornas, centros, hospitais, asociacións, institucións, grupos sociais e poboacionais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aproximación ao corpo teórico que dá base ás accións de Terapia Ocupacional sobre o contorno: impacto do medio sobre a ocupación humana. Integración dos coñecementos teóricos previos á práctica relacionados por exemplo con: a accesibilidade, o deseño universal e/ou a inclusión.	A8 A10 A11 A19		
Adquisición de destrezas de observación e análise do contorno: identificación das condicións do contorno que actúan como facilitadores ou como barreiras en relación ás características da poboación e ás demandas da actividade (avaliación-valoración do equilibrio persona/ambiente/ocupación).	A8 A11	B3 B8 B9	
Desenvolvemento do pensamento analítico e crítico, dacordo ao nivel competencial, aplicado á valoración e ao asesoramento en materia de accesibilidade, deseño universal e/ou inclusión: planificación da intervención/acción (valoración, plan de mellora/intervención/acción, rexistro), deseño de contornos facilitadores para a autonomía (a nivel individual e colectivo) e elaboración de propostas de asesoramento reais e efectivas.	A6 A8 A11	B3 B8 B31	
Potenciación de habilidades e rigor para o rexistro da información procedente da avaliación e valoración: recoñecemento da importancia do rexistro das actividades realizadas, adquisición de rigor técnico na linguaxe empregada na comunicación co equipo profesional e cos/coas usuarios/as, elaboración de informes, comunicación con persona/grupo/comunidade implicada.	A11	B7 B8 B15	C1



Desenvolvemento dunha perspectiva social dacordo ao nivel competencial: situar ao alumnado en accións contextualizadas na comunidade, promovendo a colaboración con outras/outros profesionais do ámbito sociosanitario, facilitando a súa intervención no medio natural da persoa/grupo e/ou comunidade e, en definitiva, comprometéndose a promover a xustiza ocupacional.	A11	B6
	A12	B11
	A17	B15
		B31

Contidos	
Temas	Subtemas
Temas transversais a todas as prácticas:	<p>1.- Principios teóricos básicos de avaliación e actuación profesional dende a terapia ocupacional sobre contornos/contextos. Unha mirada ocupacional a:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Contornos domésticos ? Accesibilidade e deseño universal. ? Contorno/s social, histórico, cultural e institucional/ais <p>2.- Observación e análise de factores ambientais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Introducción aos factores ambientais. ? Conceptos de barreiras e facilitadores. Identificación e análise en diferentes contextos. ? Utilización dos conceptos contexto/ambiente dos modelos teóricos específicos de terapia ocupacional (por exemplo: Persoa-Medio-Ocupación, Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo Kawa, Modelo de Ocupación Humana) para a súa análise. <p>3.- Valoración de ambientes de participación nas ocupacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Avaliación da accesibilidade dos contornos. ? Observación coa finalidade de avaliar ambientes. ? Análise do medio dende unha perspectiva individual e dende unha perspectiva colectiva. ? Valoración de ambientes específicos en función das ocupacións que acollen e das persoas que as desenvolven. ? Recollida de información da avaliación. <p>4.- Deseño de contornos accesibles para a participación nas ocupacións</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Principios para desenvolver o asesoramento. ? Deseño de actuacións específicas para a acción no medio ambiente. Exemplos: adaptacións funcionais do medio, deseño de ambientes socialmente facilitadores, propostas dende a perspectiva da universalidade, propostas de contrnos inclusivos para todas as persoas. <p>5.- Rexistro de información:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Criterios de elaboración de rexistros das actividades realizadas. ? Comunicación con outros/as profesionais. ? Comunicación cos usuarios/as (persoa/grupo/comunidade).



Proxectos rotatorios de prácticas:	<p>1.- Proxecto comunitario participativo de terapia ocupacional con Servizos Sociais.</p> <p>2.- Proxecto comunitario de intervención social desde entidades de iniciativa social.</p> <p>3.- Proxecto de intervención domiciliaria (colaboración en proxecto IKEA: Fogares máis accesibles para persoas con diversidade funcional).</p> <p>4.- Proxecto de avaliación de contornos inmediatos e intervención domiciliaria.</p> <p>5.- Proxecto de deseño de entornos para todas as persoas no ámbito educativo.</p> <p>*Os proxectos poden sufrir modificacións polas necesidades contextuais da materia ou de cada proxecto.</p>
------------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10 B3	3	0	3
Estudo de casos	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	5	5	10
Saídas de campo	A6 A8 A10 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	30	0	30
Simulación	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	20	20	40
Aprendizaxe servizo	A6 A8 A10 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	5	5	10
Portafolios do alumno	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	0	5	5
Lecturas	A6 A8 A11 A12 A19 B3 B6 B8 B31 C1	2	8	10
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Traballaranse contidos teóricos necesarios para abordar a intervención práctica e tamén actividades de desenvolvemento do pensamento lóxico do alumnado e de aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde a persoa se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto, a través dun proceso de discusión. A/o alumna/o sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>



Saídas de campo	<p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo á contorna académica relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades e competencias relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida, a análise de información e a detección de necesidades susceptibles de intervención.</p> <p>Na materia realizaranse algunhas saídas de campo tuteladas polas/os docentes e outras realizadas polos alumnos de forma autónoma, en función do rotatorio.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas asignadas a esta materia.</p>
Simulación	<p>Consiste na representación dun fenómeno (de natureza física, técnica ou psicolóxica, ou social, entre outros) que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levara a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse á persoa ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p>
Aprendizaxe servizo	<p>Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.</p> <p>En función do rotatorio de prácticas que o alumnado escolla, as docentes ofrecerán ao alumnado oportunidades para participar nesta metodoloxía en colaboración con diferentes entidades sociais. As actividades serán explicadas ao alumnado ao inicio da materia. O aprendizaxe servizo estará relacionado co resto de metodoloxías, concretamente coas saídas de campo.</p>
Portafolios do alumno	<p>Consiste na elaboración dunha síntese comprensiva e reflexiva sobre a actividade práctica desenvolvida durante o rotatorio. Realízase de xeito grupal.</p>
Lecturas	<p>Son un conxunto de textos e documentación escrita que se seleccionaron como fonte de profundización nos contidos traballados. As lecturas seleccionadas tratan sobre contidos aplicables á intervención profesional obxecto desta materia.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Sesión maxistral</p> <p>Estudo de casos</p> <p>Aprendizaxe servizo</p> <p>Saídas de campo</p> <p>Simulación</p>	<p>A atención personalizada planifícase de dúas formas diferentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saídas de campo e simulación (prácticas): poderán realizarse en dúas modalidades; saídas e traballo tutelado con docentes da materia, ou traballos de campo autónomos con supervisión do profesorado. - Tutorías: en grupos pequenos ou medianos, segundo a distribución do alumnado realizada para a elaboración dos estudos de caso. <p>A finalidade é apoiar o traballo que desenvolverán as/os estudantes, resolver as dúbidas que xurdan na observación directa, establecer criterios para cada fase da actividade programada, e valorar a evolución na lóxica do pensamento da/do estudante.</p> <p>É dicir, a atención personalizada farase globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.</p> <p>O equipo docente da materia estará dispoñible no despacho do centro ou virtualmente a través da ferramenta Teams, de acordo ás circunstancias específicas. O horario e formato serán comunicados ao alumnado ao inicio da materia.</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A6 A8 A11 A12 A19 B3 B6 B8 B31 C1	Valorarase a integración dos conceptos teórico-prácticos abordados nas lecturas obrigatorias, en relación coas competencias específicas da materia, na realización dos traballos a entregar e actividades programadas.	5
Estudo de casos	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	Valorarase, ademais das competencias adquiridas, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración de conceptos e a capacidade de resolución de problemas	10
Aprendizaxe servizo	A6 A8 A10 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	Esta metodoloxía empregarase para avaliar a adquisición de destrezas para a intervención no ámbito comunitario, en equipos de traballo e en coordinación con profesionais e institucións de iniciativa social. (*): Aqueles rotatorios que non teñan esta metodoloxía, a puntuación será asinada á metodoloxía de saída de campo, que pasaría a ser sobre 50.	10
Saídas de campo	A6 A8 A10 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	Empregarase esta metodoloxía para avaliar as actitudes e habilidades dxs estudantes na práctica en entornos comunitarios, na atención directa aos usuarios e/ou equipos de traballo. Asemade, valorarase o traballo desenvolvido nas saídas de campo acompañadxs polas/os docentes así coma a que a/o estudante realizará de forma autónoma, tendo en conta a observación realizada dos contornos, a detección dos condicionantes relevantes para o desempeño ocupacional, e a capacidade de modificar contornos reais para que faciliten a autonomía.	40
Simulación	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	A través desta metodoloxía valoraranse as actitudes e habilidades de cara a planificar e abordar unha intervención, así como a integración e a aplicación de conceptos teórico-prácticos, as destrezas e os coñecementos adquiridos.	25
Portafolios do alumno	A6 A8 A10 A11 A12 A17 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B15 B31 C1	Metodoloxía empregada como peche do resto de metodoloxías, que pretende evidenciar a integración dos contidos actitudinais e aptitudinais traballados na actividade práctica. Cada grupo exporá na sesión final da materia (sesión grupal) o portafolios elaborado por elxs de xeito comprensivo e reflexivo durante o rotatorio.	10

Observacións avaliación



Na presente guía faise unha distribución aproximada das metodoloxías e do sistema de avaliación de cada unha delas: a materia está composta por cinco rotatorios planificados de xeito homoxéneo, pero con condicionantes e características particulares, de cara ao seu desenvolvemento e tamén á súa avaliación. É posible que todas as metodoloxías non estean presentes en todos os rotatorios, ou alomenos non coa mesma intensidade. A docente de cada rotatorio porá a disposición do estudiantado a información sobre o rotatorio durante a primeira sesión grupal da materia EPII (como exemplo, é posible que non se contemple a metodoloxía APS en todos os rotatorios, polo que será avaliada como saídas de campo). A avaliación da materia será competencia da docente responsable do rotatorio de cada estudante. A información necesaria estará a disposición dxs estudantes na primeira sesión da materia e o longo do rotatorio.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación (por exemplo: plaxio) implicará directamente a calificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera calificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

A asistencia ao horario presencial de clase é obrigatoria; este é un criterio esixible para superar a materia, non valorable. É OBRIGATORIA A ASISTENCIA AO 100% DAS HORAS. Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos/as estudantes de grao a Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do/a estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

Polo tanto, para a superar a materia será necesario asistir a todas as sesións presenciais de prácticas. De non asistir, o/a estudante non poderá superar a materia, e non poderá facer entrega dos traballos solicitados. En caso de querer superar a materia, ao non asistir as metodoloxías presenciais, o estudante terá que cursar a asinatura na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das calificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificadas por última vez no Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017).

É obrigatorio facer entrega e aprobar todos os traballos solicitados.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaínte 9-10 Matrícula de Honra(Graciable).

Considerarase como "non presentado" (NP) aquel ou aquela estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorrese ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado/a como "non presentado": a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que a/o estudante ten por materia.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.



Bibliografía básica

Blanco, RM, Blanco L, Luengo S, Pastor G, Rivero M, Rodríguez MR, Vicente MJ. 2003. Accesibilidad para personas con ceguera y deficiencia visual. Edita: ONCE. Características de la rotulación para personas con discapacidad visual. Edita: ONCE. Madrid. 2006 Concepto Europeo de Accesibilidad. Edita: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de Migraciones y Servicios Sociales. Centro Estatal de Autonomía Personal y Ayudas Técnicas (CEAPAT). Madrid. Bridge C. Home modification: occupation as the basis for an effective practice. En: Curtin M, Molineux M, Supyk-Mellson, J (editores). Occupational therapy and physical dysfunction: enabling occupation. Elsevier; 2010; p. 409-429. Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud (CIF). Conway M. Occupational therapy and inclusive design: principles for practice. Oxford: Blackwell Publishing; 2008. De-Rosende-Celeiro I, Torres G, Seoane-Bouzas M, Ávila A. Exploring the use of assistive products to promote functional independence in self-care activities in the bathroom. PLoS One, 2019, 14, e0215002. De Rosende I, Santos S. Influencia de la Terapia Ocupacional en la realización de adaptaciones en el hogar de las personas en situación de dependencia. TOG, 2013, 10(18). De-Rosende-Celeiro I, Santos-del-Riego S, Muñiz J. Homebound status among middle-aged and older adults with disabilities in ADLs and its associations with clinical, functional, and environmental factors. Disabil Health J, 2017, 10(1), 145-151. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG nº 41 (29 de febreiro de 2000) Dotte P. Método de manutención manual de los enfermos: ergomotricidad en el ámbito sanitario, generalidades y educación gestual específica. Tomo I. Barcelona: Masson; 2003. Dotte P. Método de manutención manual de los enfermos: ergomotricidad en el ámbito sanitario, aplicaciones clínicas. Tomo II. Barcelona: Springer-Verlag Ibérica; 1999. Dotte P. Método de movilización de los pacientes: ergomotricidad en el ámbito asistencial. Barcelona: Elsevier; 2010. Doval, M. a I., Martínez-Figueira, M. a E., & Raposo, M. (2013). La voz de sus ojos: la participación de los escolares mediante Fotovoz. Revista de Investigación en Educación, 11(3), 150-171. Gastaldo, D., Magalhaes, L., & Carrasco, C. (2013). Mapas corporais narrados: un método para documentar trajetórias de saúde, resiliência, adocimiento e sofrimento. In A. Branco-Fraga, Y. M. de Carvalho, & I. M. Gomes (Eds.), As práticas corporais no campo da saúde (pp. 83-100). Sao Paulo: Editora Hucitec. Gastaldo, D., Magalhães, L., Carrasco, C., y Davy, C. (2018). Mapas corporales narrados como investigación. Consideraciones metodológicas para contar las historias de trabajadores indocumentados a través del mapeo corporal. (Trad. N. Rivas-Quarneti, S. Sánchez-Pérez, V. Vinzón y S. Veiga-Seijo). Recuperado de <http://www.migrationhealth.ca/undocumented-workers-ontario/body-mapping> (original en inglés, 2012) Clare Hocking (2021) Occupation in context: A reflection on environmental influences on human doing, Journal of Occupational Science, 28:2, 221-234, DOI: 10.1080/14427591.2019.1708434 Huot, S., Cao, A., Kim, J., Shajari, M., & Zimonjic, T. (2018). The power of language: Exploring the relationship between linguistic capital and occupation for immigrants to Canada. Journal of Occupational Science, 0(0), 1-12. <https://doi.org/10.1080/14427591.2018.1534136> Huot, S., Rudman, D., Dodson, B., & Magalhães, L. (2013). Expanding Policy-Based Conceptualizations of 'Successful Integration': Negotiating Integration through Occupation following International Migration. Journal of Occupational Science, 20(1), 6-22. <https://doi.org/10.1080/14427591.2012.717497> Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. DOG nº 241 (17 de decembro de 2014). Organización Mundial de la Salud (2001). Pizarro E., Estrella S., Figueroa F., Helmke F., Pontigo C. & Whiteford G. (2018) Entendiendo la justicia ocupacional desde el concepto de territorio, una propuesta para la ciencia de la ocupación, Journal of Occupational Science, 25:4, xvi-xxvi, DOI: 10.1080/14427591.2018.1487262 Pollard, N., & Sakellariou, D. (2017). Occupational therapies without borders: integrating justice with practice (2nd ed.). Elsevier. Rivas-Quarneti, N., Magalhaes, L., & Fernández, M. (2017). Contribuciones del Metaplan en Investigación Cualitativa Crítica en Ciencias de la Salud: un camino hacia la acción dialógica. CIAIQ 2017, 2(0). Retrieved from <http://proceedings.ciaiq.org/index.php/ciaiq2017/article/view/1262> Rigby P, Craciunoiu O. Assessing environment: home, community and workplace. Access and safety. En: Vining M, Trombly CA. Occupational therapy for physical dysfunction. Baltimore: Lippincott Williams & Wilkins; 2014; p. 306-337. Stein F, Söderback I, Cutler S, Larson B. Occupational therapy and ergonomics: applying ergonomic principles to everyday occupation in the home and at work. Chichester: Whurr Publishers; 2006 Whiteford G., Jones K., Rahal C. & Suleman A. (2018) El Marco de Justicia Ocupacional Participativa como herramienta de cambio: Descripción y contraste de tres casos, Journal of Occupational Science, 25:4, I-ixii, DOI: 10.1080/14427591.2018.1504610



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional/653G01206

Materias que continúan o temario

Observacións

OBSERVACIÓNS

ECOLÓXICAS:1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.3.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías